

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA (CEESG) POLO QUE SE ENCOMENDA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ALOUMIÑOS

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (en adiante, CEESG) asinaron o 28.04.2026 o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio vai dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o CEESG para a posta en funcionamento do Proxecto Aloumiños, desenvolvendo unha serie de actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cos seguintes obxectivos:

a) A contratación dos profesionais que levarán a cabo a coordinación do proxecto Aloumiños, impulsado dende a Subdirección xeral de Atención á Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde. A entidade contratante é o CEESG.

b) Minimizar os efectos da soidade non desexada, mellorando a saúde física e psíquica, e por tanto, a calidade de vida tanto das persoas que a padecen como da poboación en xeral. Búscase, da mesma maneira, actuar en rede unindo sinerxias (entre administracións, institucións sanitarias, entidades do terceiro sector e cidadanía) para a promoción da saúde e o benestar comunitario, así como favorecer o empoderamento mediante a participación e o protagonismo das persoas en relación á súa saúde e na comunidade.

c) A implantación do proxecto nas comarcas de Galicia cun maior índice de suicidio seguindo a referencia do risco estimado de mortalidade por suicidio elaborado no Atlas Nacional de mortalidade en España do grupo Bayesians da Fundación para el Fomento de la Investigación Sanitaria y biomédica de la Comunidad Valenciana (FISABIO).

Nos concellos nos que se desenvolve o proxecto formaranse grupos compostos por persoas en situación de soidade non desexada detectados dende os Centros de Atención Primaria para desenvolver os obxectivos perseguidos, que estarán dirixidos por persoal especializado para a realización, entre outras, das seguintes actividades:



1. Sesións de benestar emocional.
2. Fomentar as relacións veciñais e o acompañamento das persoas que vivan soas en situación de soidade non desexada.
3. Charlas e obradoiros para traballar diferentes temáticas como o envellecemento activo, o apoio social ou a abordaxe da soidade non desexada, co obxectivo de identificar situacións de soidade non desexada e recoñecer e traballar as emocións asociadas a ela, profundizando en cuestións como as consecuencias da soidade non desexada, facilitando estratexias para afrontar este tipo de situacións e fomentando as interaccións interpersoais.
4. Sesións de actividades de ocio e tempo de lecer saudable.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde impulsa o proxecto Aloumiños, de prevención da soidade non desexada a través da promoción de hábitos e contornas saudables, creando espazos de benestar para toda a poboación, buscando, entre outros beneficios, o aumento da calidade de vida e o benestar asociado ás relacións interpersoais e o apoio social.

O proxecto Aloumiños ten como obxectivo xeral minimizar os efectos da soidade non desexada, mellorando a saúde física e psíquica, e mellorar por tanto, a calidade de vida tanto das persoas que a padecen como da poboación en xeral.

No ano 2024 realizouse o primeiro convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o CEESG, colaboración que se repetiu no ano 2025. Neste ano 2026 o proxecto porase en marcha nos seguintes concellos por comarcas:

- COMARCA DE ORDES: Cerceda (1), Ordes (2), Tordoia (11) e Trazo (19).
- COMARCA FERROL/ORTEGAL: As Somozas (4), Moeche (6), Neda (7) e San Sadurniño (12).
- COMARCA DE A CORUÑA/ORDES: Abegondo (14), Mesía (15), Frades (16) e Carral (17).
- COMARCA DE MEIRA/TERRA CHÁ: A Pastoriza (5), Pol (10), Abadín (23) e Riotorto (24).
- COMARCA DE A MARIÑA CENTRAL/TERRA CHÁ: Alfoz (18), Muras (22), Mondoñedo (27) e O Valadouro (33).

O Servizo Galego de Saúde achega para o financiamento do proxecto, a través da concesión dunha subvención directa en base ao disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade de cento vinte mil euros (120.000,00 €), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.





Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

